



federación de ensino de ccoo de galicia

**Don Francisco Borja Campos Seijo, Secretario de Saúde Laboral da Federación de Ensino de CCOO,** con domicilio a efectos de notificación en Parque de San Lázaro, 12, 3º andar, 32003, Ourense, teléfono de contacto 628714365 e dirección mail franciscocampos@galicia.ccoo.

### EXPÓN

- Que o día 21/09/2020 publicouse na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a Campaña de Vixiancia da Saúde para persoal dos centros educativos para o curso 2020/21, iniciándose ao día seguinte un prazo de 20 días naturais para solicitar realización de revisión médica por parte do persoal funcionario e laboral dos centros educativos dependentes desta Consellería.
- Que na información publicada pola Secretaría Xeral Técnica sobre a Campaña de Vixiancia da Saúde no portal web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no apartado "preguntas frecuentes" se recolle que o persoal laboral indefinido dependente desta consellería, ten dereito a solicitar revisión médica nos 20 días naturais seguintes ao inicio da campaña na páxina web da Consellería.
- Que diversas traballadores/as afiliados/as persoal laboral indefinidos non fixos ao tentar facer a solicitude de revisión médica no sitio <https://revisionmedica.xunta.gal/sxsrn/educacion/login-educacion>, a aplicación dalle como resultado erro.
- Que segundo reclamación á Unidade de Atención a Centros por parte dun delegado de CCOO persoal laboral indefinido non fixo, se lle remite ao mesmo prazo que o persoal laboral temporal, é dicir, do 1 ao 20 do mes seguinte ao facer 65 días de servizo. Neste caso concreto, dende o 1 de decembro a 20 de decembro.
- Que o persoal laboral fixo, indefinido non fixo e laboral temporal ocupado antes do 1 de setembro, nas anteriores convocatorias de cursos pasados da campaña de vixiancia da saúde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sí que poideron solicitar revisión médica no prazo ordinario da convocatoria.

### TODO O EXPOSTO, SOLICITA

- Que se cumpla o que recolle as instrucións da Campaña de Vixiancia da Saúde e que se permita solicitar revisión médica ao persoal laboral indefinido non fixo no prazo ordinario de 20 días naturais dende o día seguinte ao que se publicou o inicio da Campaña de Vixiancia da Saúde na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e que se lle amplíen tantos días o prazo como días non puideron acceder á solicitude.
- Que se clarifiquen nas instrucións de forma inequívoca quen pode solicitar a revisión médica en cada un dos prazos temporais que se recollen nas mesmas

En Ourense a 25 de setembro de 2020

Asinado

Secretario da Saúde Laboral da Federación de Ensino de CCOO

SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE